

INSTRUCCIÓNS ADMISIÓN E MATRÍCULA - 2024/2025

SÓ APLICABLE A PERSOAS QUE SOLICITAN COMEZAR UN CICLO FORMATIVO DE FP DUAL INTENSIVA

ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

- SÓ SE PODE CUBRIR UNHA SOLICITUDE PARA UN ÚNICO CICLO DE FP DUAL INTENSIVA
- AS PERSOAS SELECCIONADAS PARA A MODALIDADE DE FP DUAL INTENSIVA, QUEDAN EXCLUÍDAS DO PROCESO DE ADMISIÓN A CALQUERA OUTRO CICLO OU CURSO DE ESPECIALIZACIÓN
- NO CASO DE NON SER SELECCIONADO/A EN FP DUAL INTENSIVA PÓDESE CONTINUAR NO PROCESO DE ADMISIÓN XERAL A CICLOS FORMATIVOS E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

1.- PROCESO DE ADMISIÓN TELEMÁTICA

PRAZO

Do luns 24 de xuño ás 9:00 horas ao xoves 4 de xullo ás 13:00 horas

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Dispoñer da seguinte **documentación en soporte electrónico**, para achegala ao cubrir a solicitude:
 - Fotocopia do DNI.
 - Currículo co formato Europass, que se pode elaborar en: <https://europa.eu/europass/es/create-europass-cv>
 - Certificación académica dos requisitos de acceso (**Só para alumnado procedente de fóra de Galicia, ou cando a aplicación o solicite**).
2. Cubrir a solicitude co asistente informático en: <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/> e:
 - a. A aplicación pode solicitar que se cargue documentación.
 - b. Unha vez rematada a solicitude, no caso de que esta indique "**a solicitude non terá validez se non está datada e validada por un centro de Galicia con oferta de FP ...**", será obrigatorio entregala nun centro con oferta de FP dual intensiva.
 - c. Gardar sempre a solicitude a modo de resguardo, pois se precisará para a matrícula.

LISTAXES PROVISIONAL E DEFINITIVA DE SOLICITUDES

O luns 8 de xullo publicarase a listaxe provisional de solicitudes. No caso de ter que reclamar, o prazo comeza ás 9:00 do mesmo día 8 ata o mércores 10 de xullo ás 13:00 horas.

O venres 12 de xullo publicarase a listaxe definitiva de solicitudes.

SELECCIÓN DO ALUMNADO POR PARTE DA EMPRESA COLABORADORA

1. Da listaxe definitiva anterior, a entidade colaboradora (empresas) seleccionará **entre o luns 8 de xullo e o venres 12 de xullo ás 12:00 horas** ao alumnado admitido.
2. A relación de persoas admitidas e en espera publicarase o **luns 15 de xullo**.
3. No caso de resultar seleccionado/a, pasamos ao punto 2: **PROCESO DE MATRICULACIÓN**

2.- PROCESO DE MATRICULACIÓN

PRAZO

Do martes 16 de xullo ás 9:00 horas ao mércores 24 de xullo ás 13:00 horas

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Identificarse co DOI (DNI, NIE ou pasaporte)
2. Xustificante de pagamento do seguro escolar (só menores de 28 anos) **a nome do alumno/a**. Os datos necesarios para facer o ingreso son os seguintes:
 - a) **Nº de conta bancaria: ES39 2080 0234 4130 4000 3005**
 - b) **Importe: 1,12€**
 - c) **Concepto: Seguro escolar - Nome e apelidos do/a alumno/a que se matricula**